

## Publicacións sobre Avilés de Taramancos

**Carlos L. Bernárdez**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (2011 [2003]). “Publicacións sobre Avilés de Taramancos”. *Grial*: 158, 111-113. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1354>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (2003). “Publicacións sobre Avilés de Taramancos”. *Grial*: 158, 111-113.

\* Edición dispoñíbel desde o 7 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

afecto polo amigo ido, inalterable ao longo dos anos, que esa é a lei da mellor amizade, a de caste ciceroniana: *usque ad extremum vitae diem permanere*. Soamente esta excelencia sería engado suficiente para nos achegar ao libro, porque na nosa literatura, coma en calquera outra, máis ben abundan os casos de inimidade entre escritores. Temos aquí exemplares do “mal amigo” que son paradigmas do felón das letras e que poderían competir en calquera feira das hostilidades literarias.

Pero este epistolario regálanos outros zumes e perfumes ademais dos da amizade. Tanto Vilavedra como Del Riego cadran en atopar nel a crónica do “proceso de creación literaria” de Cunqueiro, cousa que a min me parece ponderación excesiva. É certo que estes textos dan noticia do seu labor, pero son referencias nominalistas; máis que cualitativas e de reflexión sobre aspectos intrínsecos á creación —estilísticos, estruturais— parecen cuantitativas, que aluden á altura pola que vai escribindo un determinado orixinal ou o número de capítulos que seica lle envía ao seu editor. Os momentos en que Cunqueiro matina sobre a natureza da prosa ou do verso son moi esporádicos. O que si chama a atención é a seguridade que o autor amosa sobre a cualidade dalgúns dos seus produtos en feitoría —o *Merlín*, *Don Hamlet*...— aos que lles confire, sen falsas modestias, ese punto de eternidade que algún día se lles recoñecería. ¿Quen dubida hoxe que *Merlín e familia* é un dos libros máis cativadores dos que se escribiron no século XX no ámbito da literatura occidental? “Unha pequena obra maestra”, auguraba Cunqueiro. Exacto.

As cartas de Álvaro Cunqueiro dannos ao home, empezando polo seu sentimento de soidade. Desde a primeira carta, en que se lamenta do seu “isolado corazón”, vai sementando queixas: “sigo canso, soio...” (carta 10), “estou á nuga-lla (como lle gusta esta expresión

que di que lle copiou a Colmeiro!), canso, tristeiro” (carta 22). Arrente a soidade está a saudade (“la escuela mayor del hombre”, como escribía o propio autor nun dos artigos que por ese tempo publicaba en *Faro de Vigo*), e unha especie de ansia pola viaxe non só da imaxinación.

A Cunqueiro viríalle ben encadrarse naquela categoría de homes que Heidegger chamaba “seres de lonxanías”. É curioso: o verso máis citado por el nos seus artigos de prensa que cadran cos anos polos que corre o epistolario é este de Du Bellay: “heureux qui comme Ulysse a fait un beau voyage”. E da saudade ao soño hai outro paso. Tamén aquí reclama o escritor o dereito a seguir soñando, “soña que te soñarás” (carta 93).



O epistolario apróvitase mesmo como documento de época. Ese tempo de mediocridade, de “escura nugalla política, moral e intelectual” (carta 53), de estulticia oficial, “estamos rodeados de burros”, para findar epifonematicamente en que “todo dá noxo”. Particularmente sabedeiras resultan as referencias a algunha leira desa sórdida realidade, como a censura: “dóeme ter un pé derriba de min”. Non se escapa á clarividencia do noso autor a verdadeira función dos censores cando se nos lamenta de que os atrancos que sofre o *Don Hamlet* son, en realidade, disparos “contra a fala nosa”.

Este epistolario resérvalle unha última compracencia ao lector, e é que nel atopamos, coa discreción que o xénero require, as pegadas do estilo cunqueirano. Calquera modalidade de prosa que Cunqueiro toque fica perfumada por ese “chisquete de enxeño”, como percibe Del Riego, que sae por cada un dos seus poros. Sempre a flor do humor, e mesmo cortesías de color provenzal, coma as que lle adica en algún momento á persoa de Asunción, autora de deleitosos xantares na casa de don Paco. Ao mellor ela é un dos modelos da miña venerada señora Marcelina, cociñeira de don

Merlín, que facía polo outono “un caldo de calabazo doce que era de recuncar”. Sabores e saberes para os estudiosos do mañá ■ **Xosé Manuel G. Trigo**

## Publicacións sobre Avilés de Taramancos

A celebración do Día das Letras Galegas dedicado ao poeta Antón Avilés de Taramancos (Noia 1935 - A Coruña 1992) provocou unha auténtica enxurrada de publicacións de e sobre a figura do homenaxeado ata o punto de que





no ámbito dos estudos literarios e do ensaio, os temas relativos á celebración, como aconteceu en anos anteriores con figuras en circunstancias semellantes, chegan a acaparar máis do trinta por cento da produción total galega.

Dentro deste abondoso número de textos editados podemos distinguir entre as edicións e reedicións de libros do autor e os estudos sobre a súa figura e obra.

Entre os primeiros cómpre salientar a publicación por Espiral Maior, na súa colección *Opera omnia* da *Obra poética completa* nun tomo magnificamente editado que conta cun estudio de Xosé María Álvarez Cáccamo no que se repasa a obra de Avilés e se sitúan os libros dentro do seu periplo vital, vai acompañado dun limiar de Salvador García-Bodaño feito para o libro de Avilés *O tempo no espello* e inclúe, alén dos libros de Avilés, un importante conxunto de poemas inéditos e as súas traducións do *Cemiterio Mariño* de Paul Valéry e máis da *Crónica* de Saint-John Perse.

Diferentes editoriais reeditaron obras individuais do autor, Galaxia na súa remozada colección *Dombate* publica *As torres no ar*; Xerais os *Cantos caucanos* nunha edición que inclúe un sólido estudio introdutorio do poeta e ensaísta Martín Veiga; a mesma Xerais reeditou os

relatos de *Nova crónica das Indias* e ofreceu unha pequena peza teatral inédita concibida para o ámbito escolar, *Tres capitáns de tempos idos*, editada baixo a responsabilidade de Pilar Sampedro.

Entre as antoloxías é preciso salientar a realizada por Ana Román para a editorial Galaxia *Antoloxía poética*, e a elaborada para A Nosa Terra por Xosé María Álvarez Cáccamo hai algúns anos e posta de novo en circulación para o evento.


No que respecta aos estudos sobre Antón Avilés de Taramancos, abranguen unha gran variedade de achegas sobre a súa vida e a súa obra que van desde aproximacións divulgativas ou didácticas ata outras dunha maior fondura. Cómpre salientar polo seu rigor e sobre todo polo seu magnífico estilo ensaístico o libro de Xosé María Álvarez Cáccamo *Vida e obra de Antón Avilés de Taramancos* publicado por Galaxia, no que o autor establece un fermoso coloquio cos textos do poeta noiés e no que a experiencia e o coñecemento da figura do poeta é posto ao servizo dunha construción estilística impecábel. O mesmo autor publicou unha obra máis sinxela, pero non menos atractiva, *Antón Avilés de Taramancos*, A Nosa Terra, un libro ilustrado e concibido como unha primeira aproximación ao poeta noiés.

Unha das editoriais que máis forte apostaron pola difusión da obra de Avilés foi a noíesa Toxosoutos, un selo editorial da vila natal do autor. O máis salientábel de todos o publicado por ela foi o volume de Aurora Marco *Antón Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura*, un ensaio elaborado a partir dunha abondosa documentación, con testemuños orais, epistolares e fotográficos e no que se tenta e se consegue abranguer moi diversas perspectivas do autor. A mesma editorial ofreceu títulos máis divulgativos como é o de Xosé Agrelo Hermo, *Antón Avilés de Taramancos*, ou a reedición de mate-

riais didácticos como *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos*, do mesmo Xosé Agrelo Hermo en colaboración con Pilar Sampedro Martínez.

Dentro dunha vontade divulgativa, non exenta de rigor, hai que incluír títulos como *Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra*, traballo de María Dolores Arxóns e Xabier Castro, que deu ao prelo Edicións Xerais, no que se complementa o vital e o literario cun rico apartado gráfico. A mesma editoria publicou a súa habitual fotobiografía, en coedición co Consello da Cultura Galega, un volume realizado por Lola Arxóns no que atinxe ás achegas sobre a vida e obra do noiés, en canto que a documentación foi encargada a Xosé Luís Agrelo e a introducción a Salvador García-Bodaño, poeta que foi grande amigo do homenaxeado.

Para rematar, cómpre subliñar o caderno de A Nosa Terra, *A Nosa Cultura* dedicado a Antón Avilés de Taramancos, xa publicado o ano pasado e que conta cunha variada nómina de colaboradores e o libro *Antón Avilés de Taramancos* de Marín Veiga realizada para Edicións Fervenza, que supón unha nova aproximación á súa biografía. O noso percorrido complétase co *Diccionario Antón Avilés de Taramancos* de X. Amancio Liñares Girault e



Antonio Puentes Chao, libro da editorial treCtres de Oleiros, un libro no que destaca a vontade didáctica, incluíndo unha selección de textos do poeta.

Como se pode observar é un percurso amplo e variado, que sobre todo debe servir para favorecer a lectura dunha das voces maiores da nosa poesía de todos os tempos, un poeta no que a palabra atinxe o máis alto vigor, que explora como poucos a linguaxe e que elabora un discurso poético de alta concentración lírica e no que cada verso é unha afirmación da vida. Unha auténtica voz, singular e única ■  
**Carlos L. Bernárdez**

## O periplo de María

MODA GALEGA


MARÍA REIMÓNDEZ

Positivas | 2002 | 80 páxinas

A pouco que percorramos as páxinas de *Moda galega*, estrea poética de María Reimóndez, podemos apreciar como o texto nos conduce cara a un territorio complexo, delimitado por algunhas poéticas xurdidas ao longo da década dos noventa.

Refírome a un espacio que resulta da intersección entre as propostas baseadas na naturalidade do discurso e as empeñadas na revisión de tópicos culturais, levadas a cabo por voces femininas nestes últimos anos. O resultado é un texto orixinal no que se ofrece unha visión da muller na sociedade a través da observación dos escaparates, nun percorrido polas rúas comerciais.

O mencionado artificio xera unha obra estruturada en dous bloques: “Colección de primavera verán” e “Colección de outono inverno”. A organización destes en dúas seccións: “Preámbulo” e “As rúas”, confire unha especial cohesión a un conxunto que ten como escenario a cidade de Vigo —que xa o fora para Xosé María Álvarez Caccamo ou Fran Alonso—. A



autora elabora deste xeito unha particular guía e un documento de actualidade arriscadamente efémero, perigo que atenúa habilmente con estratexias como o humor, a ironía e a incorporación de ocorrentes referencias coas que insire imaxes de grande lirismo nun discurso deliberadamente prosaico. Á unidade do conxunto contribúe tamén un clarificador paratexto, a contracapa, se acaso demasiado explícito, que non en van comparte trazos co discurso publicitario.

Botando man dunha das metáforas femininas máis enraizadas na tradición literaria, a autora constrúe xogos de palabras que nos introducen nun dos motivos centrais do poemario, como é a dictadura do consumo: *desafiannos novas rocas, / o desexo de sermos fusos / e a sede de aforarmos / nas areas profundas / do C maiúsculo: Comprar*.

Esta visión da relación muller-consumo preséntanos o perfil dunha irmandade feminina unida pola tarxeta de crédito e detense en cuestións como o comercio (in)xusto ou a explotación.

Trátase dunha das liñas máis contundentes da poesía de María Reimóndez que, en sintonía con esa

súa outra poética da solidariedade —a ONG e o ensaísmo hindú—, arremete contra algúns dos tópicos culturais máis discriminatorios. Neste senso, resultan especialmente críticos os textos que abordan a diferenza cultural, como ocorre cos que aluden á India, *a miña outra matria / de sufrimentos* ou ao concepto de exotismo (*exotismo / de casar aos doce anos / e suicidarse / porque xa se coñecen / tódalas outras formas / de morrer*).

Nunha liña próxima, e sen se afastar da reflexión sobre a moda, a voz poética aborda a relación entre esta e a identidade, nun texto cheo de humor formulado desde unha aparente inxenuidade que, xunto co autobiografismo, semella artellar todo o poemario:

*Pregúntome cando poderemos  
reapropia-los traxes de galega  
e levalos como a nova insignia  
das cousas que están por vir.*

Outro dos grandes eixos temáticos que sustentan a obra é o da muller e o canon. A autora tematiza unhas *imaxinadas miñas irmás* —as mulleres deformes, xiñantes e barbadas— ataca a *clonación da moda*, a *barbi*, a dictadura da tallaxe e a escravitude do culto ao corpo, ao tempo que exalta a *marabilla da diferenza* e asume un contracanon de beleza baseado na ruptura das convencións. A voz que cuestiona denuncia tamén a muller obxecto, a creación *rendible* de *mulleres en cadea* (“Centro comercial Camelas: Zara”) e despraza o seu discurso cara a outros obxectivos, como a violencia doméstica ou a visión reduccionista da muller como reproductora.

O poemario de María Reimóndez achéganos, xa que logo, unha visión abondo crítica do mundo da moda que incide no seu carácter ilusorio e no seu poder de fascinación. Tan só en ocasións contadas ofrece unha mirada compasiva aos escaparates para admirar a roupa de “Dee-Tu” ou os xerseis de la feitos á man. Ao longo da súa exposi-